

MOCIÓN DE AER SOBRE A DINAMIZACION FORESTAL

PLENO 31 XULLO 2014. ACTA 11/2014

Galicia caracterízase pola importante tradición forestal debido, tanto á superficie que os montes ocupan, como polos usos e costumes que denotan o vencellamento que existe entre o monte e unha parte importante da nosa sociedade. Galicia posúe 2 millóns de hectáreas forestais, das cales un 2,2% son montes públicos, un 29,9% montes veciñais en man común e o 67,9% montes particulares. Deste xeito, Galicia é a maior potencia forestal do Estado Español e unha das máis importantes de Europa.

O monte sempre foi fornecedor de materias primas; madeira para a construción ou para o lume, pastos para mantelo gando, estrume para as cortes, ..., todos eles aproveitamentos tradicionais, algúns con importancia fundamental na economía galega.

Actualmente, como complexo dinámico que é o monte, poden considerarse nel moi distintas facetas. Tradicionalmente viñéronse distinguindo a faceta protectora, a produtora e a recreativa. Pero tamén merecen ser destacados os aspectos de estudo, ensinanza e experimentación, cultural, paisaxístico, de soporte da biodiversidade, entre outras moitas.

A **función protectora e ambiental** do monte aporta unha serie de beneficios transversais que non só afectan ao aspecto puramente económico, senón que sendo intanxibles, estes beneficios chegan a toda a sociedade, xa sexan propietarios ou non de montes. A nivel protector e ambiental podemos reseñar que o monte xestionado de xeito sostible:

- Evita a erosión.
- Regula o ciclo hidrolóxico e a calidade das augas.
- Contribúe a manter a paisaxe.
- Proporciona sostén e refuxio a moitas especies animais e vexetais. Biodiversidade.
- Son garantes da calidade do aire.
- Fixan carbono da atmósfera. Efecto positivo sobre o cambio climático.

No referente á **función produtiva**, o aproveitamento forestal en sentido estricto ten un grande valor na nosa terra, acadando os 24 millóns de euros e dando emprego directo a un gran número de persoas. A madeira é unha parte do monte clasicamente aproveitada, tal como o son en menor medida as leñas ou os esquilmes. Non obstante, a multifuncionalidade do monte pon de relevo outras producións dos montes como son, entre outros:

- Resinas e corcho.
- O pastoreo dos montes.
- Pequenos froitos silvestres.
- Froitos forestais; castañas,...
- Plantas aromáticas e medicinais.
- Mel e produtos apícolas.
- Aproveitamento de cogumelos.
- Biomasa.

En canto a **función recreativa, cultural e paisaxística**, esta constitúe outra das facetas sociais do monte, chegando de xeito directo ou indirecto a toda a poboación do territorio. Podemos destacar como aporetacións dos montes neste senso as:

- Áreas de lecer e educativas.
- Actividades deportivas ao aire libre.
- Rutas de sendeirismo.
- Recursos turísticos e paisaxísticos.
- Patrimonio cultural, histórico e etnográfico.

De todo o exposto anteriormente dedúcese a importancia que ten que o monte desenvolva de forma axeitada as funcións mencionadas, tanto para os propietarios ou xestores dos montes, como para o conxunto da sociedade.

Unha das tipoloxías de montes existentes en Galicia, a ter moi en conta na consecución das funcións antes reseñadas, é o monte veciñal en man común. Este tipo de propiedade, veciñal e cunha xestión mancomunada, supoñen unhas 608.729 hectáreas en toda a comunidade, destacando pola súa presenza, a provincia de Pontevedra. Estes montes xestionados directamente polo veciños comuneiros dunha entidade de poboación ligada ao monte caracterízanse pola gran cantidade de patrimonio natural, histórico, patrimonial e de espaxamento que albergan na súa superficie, que ademais é apreciada e gozada por amplos sectores da poboación, sexan ou non comuneiros.

En Redondela, igual que en toda a comarca, existen montes veciñais liagados a diferentes parroquias: Chapelá, Trasmañó, Cedeira, Cabeiro, Negros, Vilar, Saxamonde, Quintela, Reboreda, Ventosela, O Viso e Cesantes. Redondela conta cunha superficie total de 5.210 hectáreas, das que os montes veciñais en man común encárganse da xestión de aproximadamente de 1.600 hectáreas, o que ven sendo en torno a un 31% do territorio.

Como é coñecido, nos montes de Redondela atópanse áreas recreativas como a de Reboreda, Cedeira, Saxamonde, Chapela ou O Viso, existen elementos patrimoniais como os recentemente postos en valor do monte Penide, así como outros petroglifos e mamoads existentes noutros lares. Existen roteiros como a senda da Auga, o sendeiro GR 94, o Camiño de Santiago ou ruta das Pedras en Ventosela. Existen zonas naturais ligadas aos cauces que transcorren polos montes, miradoiros de interese turístico como na Peneda, no Castro de Negros ou Trasmañó, existen equipacións deportivas e outras de interese sociocomunitario como no Chan das Pipas en Saxamonde ou en Chapela e mesmo vías de comunicación que enlazan núcleos de poboación.

Hai que ter en conta que a xestión de todos estes recursos non é sinxela, a financiación non sempre chega para cubrir todos os aspectos que moitas veces a sociedade demanda, e as obrigas establecidas no eido forestal son as veces difíciles de conquistar sen axuda e apoio por parte das administracións públicas. As problemáticas dos montes veciñais son diversas en tipoloxía e complexidade. Problemas e actuacións que teñen que solventar para poder avanzar na xestión forestal sostible e na posta en valor dos recursos alí existentes. Así, en calquera propiedade forestal, e en especial nos montes veciñais en man común, os seguintes aspectos son fundamentais para poder dinamizar o monte:

- Contar cuns deslindes claros, recoñecidos e correxidos, con levantamento topográfico de todo o perímetro e enclavados.
- Mellora e optimización da xestión documental e contar cunha contabilidade específica e especializada no eido forestal.
- Contar cun instrumento de ordenación ou xestión forestal, tal como establece o capítulo 2 da Lei 7/2012 de montes de Galicia, baseado na xestión forestal sostible e enfocado cara a certificación forestal.

No caso de Redondela a cuasística é diversa e diferente duns montes veciñais a outros, con necesidades varias en función do traballo previo realizado. O avance no seu conxunto cara resolver estes problemas ou obxectivos permitiría contar no noso concello cunha marca de calidade e diferencial en canto a xestión mancomunada dos montes. Así, poderíase plantexar como obxectivo conxunto das propiedades e da administración local o conquistar unha marca particular tipo "MONTES DE REDONDELA", a semellanza do que noutras comarcas xa se foi conseguindo, incidindo na necesidade de contar con instrumentos de xestión que teñan en conta a posta en valor dos recursos existentes nas diferentes funcionalidades posibles. Precisaríase establecer liñas de actuación que permitan conseguir estes obxectivos, avanzando de cara a conquistar unha xestión sostible, evidenciada a través da certificación forestal dos montes de Redondela, potenciando conxuntamente os recursos patrimoniais, recreativos e naturais mediante plans específicos e, de xeito paralelo, consolidando e fomentando o emprego asociado ao monte, sen esquecer a labor educativa tan necesaria arredor do monte e as súas problemáticas máis importantes, como poden ser os incendios forestais.

Non cabe dúbida que a unión das diferentes partes pode axudar a acadar estes obxectivos, crear sinerxias e aprender e avanzar en base ás experiencias particulares compartidas. Neste senso cabe destacar que as comunidades veciñais en man común atópanse agrupadas baixo a

Mancomunidad de Redondela. Por outra banda o Concello de Redondela conta cunha interesante ferramenta, pouco habitual noutros concellos, aínda que de momento infrautilizada, que permite o contacto periódico entre os axentes que configuran o eido forestal do concello coa administración local. Esta ferramenta é o Consello Forestal Municipal, marco no que o desenvolvemento dos acordos a continuación propostos débese realizar. En definitiva, pensamos que tanto a Mancomunidad como o Consello Forestal deben ser os foros de contacto, traballo e elaboración de propostas concretas cando falamos de dinamización forestal en Redondela.

Por todo isto, propoñemos os seguintes ACORDOS:

- ✓ Elaboración dun plan de emprego específico forestal, onde se dé formación teórica-práctica específica en traballos de silvicultura e peonaxe forestal.
- ✓ Elaboración dun proxecto ao amparo do plan de emprego onde se incida na posta en valor daquelas áreas dos diferentes montes veciñais que aportan beneficios sociais a tódolos veciños do concello, mesmo solucionando problemáticas de accesibilidade de existir: miradoiros, áreas recreativas, pontes e sendeiros, áreas e elementos arqueolóxicos, elementos patrimoniais, ... Tamén que incidan noutros bens intanxibles como pode ser a recuperación de canles fluviais e vexetación de ribeira, actuacións específicas de prevención de incendios, consolidación de formacións arbóreas ou hábitats forestais orixinais, ... Este proxecto deseñárase e desenvolveríase en conxunción coas comunidades de montes en man común.
- ✓ Avaliación da viabilidade da transformación das caldeiras dos centros públicos do Concello de Redondela a biomasa (estela e/ou pelet) para minimizar a dependencia enerxética dos combustibles fósiles e reducir os gastos derivados da calefacción e ACS. Avaliación da posibilidade do establecemento dun convenio coas comunidades de montes para o subministro da materia prima (estelas) de ser o caso.
- ✓ Organización de xornadas, profesionais e divulgativas, así como actividades educativas ligadas ao monte, a súa xestión, a multifuncionalidade, a problemática dos incendios e ás posibilidades que presenta como fonte de emprego.
- ✓ Establecemento de liñas de axudas específicas para o eido forestal, que incida nos seguintes aspectos:
 - ✓ Elaboración do instrumento de xestión do monte veciñal en man común para a súa aprobación pola administración forestal.
 - ✓ Levantamentos topográficos e actualización de cartografía para corrección de carpetas fichas, clasificación de partelas veciñais e resolución de conflitos de lindes.
 - ✓ Consecución da certificación forestal, PEFC ou FSC, dos montes veciñais en man común de Redondela, que acredite a xestión forestal sostible.

VOTACIÓN E ACORDO.-

O concelleiro BLANCO PÉREZ di que deixa enriba da mesa a moción para o seu tratamento primeiro no Consello Forestal, pero espera que haxa un compromiso de convocalo.